

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lendas Vivas (serie de V Televisión)

Achegarémonos ao momento no que a historia se transforma en mito, ao momento no que os contos se converten en lendas vivas. Galicia é terra de lendas. É a terra da Santa Compañía, de historias de sereas, meigas e meigallos, de lendas con profundas raíces na cultura popular transmitidas ao longo dos séculos pola tradición oral. Lendas Vivas é unha nova forma de transmisión destas lendas, impresionantes representacións audiovisuais daquelas historias que, a través da senda do tempo, chegaron ata os nosos días. Coa inestimable compañía de Xosé Couñago e entrevistas a historiadores e persoas próximas ao mundo das lendas, indagaremos para achegarnos ao momento no que a historia se transforma en mito, ao momento no que os contos se converten en lendas vivas.

Unha serie de Xosé Couñago para V Televisión.

⇒[ENLACE VÍDEOS](#)

